

ACORDOS FIN DE FOLGA 26N

NON RETRIBUTIVOS

1. MEDIDAS FEAP vs MEDICINA DE FAMILIA

- ✓ **Retírase o documento** presentado na Mesa Sectorial do 17 de outubro que pretendía unha **homologación “propia”** de Medicina Familiar.
- ✓ **Desaparición total da categoría FEAP.**
- ✓ Garantízase que:
 - Os 178 profesionais fixos pasarán a MF antes de finais do 2029.
 - Das 77 prazas interinas, as vacantes sen ocupar convértese xa en MF, e as 38 restantes pasarán a MF cando completen os 3 anos de contrato.
 - As prazas eventuais NON se incluírán en OPEs para facerse fixas.
- ✓ **Mantense o modelo asistencial actual:** persoal específico para os centros de saúde e persoal específico para os PAC, garantindo a continuidade e calidade asistencial.

2. PLAN DE ORDENACIÓN DE RRHH DA ATENCIÓN PRIMARIA

- ✓ Elaboración dun **plan de RRHH** en 6 meses.
- ✓ Incluírá análise de:
 - Cargas de traballo.
 - Novas categorías profesionais necesarias.
 - Ratios por categoría e centro.
 - Definición de postos de difícil cobertura e incentivos ós mesmos.
 - Medidas a curto, medio e longo prazo para mellorar a Atención Primaria.

3. CONCURSO ESPECÍFICO DE ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

- ✓ Convocatoria en **xaneiro 2026**.
- ✓ Finalización prevista en 2026.
- ✓ Posterior negociación dun **plan plurianual** co obxectivo de aumentar o número de enfermeiros especialistas en **familiar e comunitaria** e **pediatría**.

4. CONSOLIDACIÓN DO TRANSPORTE DOMICILIARIO

- ✓ O sistema, prorrogado desde a pandemia, **consólídase de forma definitiva** para os profesionais de Atención Primaria.

5. CÓMPUTO DE XORNADA DO PERSOAL DE PAC

- ✓ Negociación aberta (ata finais de ano) do cómputo de xornada.
- ✓ Previsión da entrada en vigor dun **novο sistema para o 1 de xaneiro do 2026**.
- ✓ Recoñécese oficialmente o problema actual do aplicativo e o compromiso por resolvelo.

6. XORNADA DE 35 HORAS SEMANAIS

- ✓ Para o persoal de Unidades e Servizos de Atención Primaria.
- ✓ **Días de libranza** cando os **festivos caen en sábado** (igual compensación que o persoal da Xunta).
- ✓ Efectos 1 de xaneiro do 2026.

7. RENOVACIÓN DE MATERIAL EN CENTROS DE SAÚDE E PACs

- ✓ Estudo en 2026 para incluír a **renovación de material** nos orzamentos do 2027.

Para máis información,
acode a túa sección sindical de CCOO